Deputación DA CORUÑA

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión ordinaria da Xunta de Goberno que se celebrará o día 8 de maio de 2026, ás 12:00 horas na Sala de Comisións da Deputación Provincial.

ASUNTOS

Información e actividade corporativa

1. Aprobación da acta da sesión anterior, número 8/2026, do 24 de abril.

Asesoría Xurídica

2. Dación de conta das Resolucións da Presidencia polas que se dispón o acatamento e cumprimento das resolucións xudiciais correspondentes.

3. Dación de conta das Resolucións da Presidencia polas que se dispón a comparecencia en procedementos xudiciais.

4. Dación de conta das Resolucións da Presidencia polas que se dispón a comparecencia en procedementos concursais.

Servizo de desenvolvemento territorial, sectores produtivos, emprego sostible e transición ecolóxica

5. Dación de conta da Resolución de Presidencia número 2026 / 14978 de data 13/04/2026 pola que se avoca a competencia para a aprobación das bases reguladoras e se aproban as bases e a convocatoria da VIII edición dos Premios PEL: premios ás mellores iniciativas empresariais da provincia, (PEL-EPR PREMIO/2026).

Servizo de Asistencia Técnica a Concellos

6. Aprobación dun informe favorable sobre a constitución da agrupación voluntaria dos concellos de Coristanco e Ponteceso para o mantemento en común do posto de Tesourería.

7. Aprobación das Bases do segundo proceso selectivo destinado á elaboración dunha lista provincial para a selección de persoal funcionario interino para prazas de arquitecto/a nos concellos da provincia da Coruña con poboación inferior a 20.000 habitantes (Grupo A1, escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos superiores).

8. Aprobación das Bases do segundo proceso selectivo destinado á elaboración dunha lista provincial para a selección de persoal funcionario interino para prazas de arquitecto/a técnico/a nos concellos da provincia da Coruña con poboación inferior a 20.000 habitantes (Grupo A2, escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos medios).

Servizo de Recursos Humanos

9. Desestimación do recurso de reposición interposto por A.M.B. en contra do acordo da Xunta de Goberno do 18 de marzo de 2026 polo que se declara a caducidade da Oferta de Emprego Público 2023 da Deputación Provincial da Coruña.

ROGOS E PREGUNTAS